



VENRES  
**8**  
MAIO

# XXVII FESTA DA TROITA 2026

## SIGÜEIRO (OROSO)

DOMINGO  
**10**  
MAIO

**CANTOS DE TABERNA**  
**ASOC. CULTURAL AMIGOS DO ACORDEÓN**  
**ASOC. CULTURAL NÉBOAS DO CUMIO**  
**FESTIVAL DE OROSO EN VIVO**

**PANORAMA CITY**

**DISCO IMPACTO**  
**DJ BERMUDEZ**

SÁBADO  
**9**  
MAIO

**CAMPIONATO PESCA ADULTOS/AS**  
**INAGURACIÓN FEIRA**  
**XOGOS EN FAMILIA**  
**CHARANGA "OS ATREVIDOS"**  
**ASOC. CULTURAL LEMBRANZA DO TAMBRE**  
**DEGUSTACIÓN DE TROITAS**  
**ASOC. CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA**  
**FESTIVAL DE OROSO EN VIVO**

**ORQUESTRA OLYMPUS**  
**LOS SATÉLITES**

**CAMPIONATO PESCA INFANTIL**  
**MURAL MARCOS COUSO**  
**XOGOS EN FAMILIA**

**CHARANGA "BB+"**  
**ASOC. CULTURAL ARGALLEIROS**  
**ASOC. CULTURAL BUXOS VERDES**  
**DEGUSTACIÓN DE TROITAS**  
**PREGÓN A CARGO DO**  
**ALUMNADO IES OROSO**

**ENTREGA DE PREMIOS DO**  
**CONCURSO DE PESCA**  
**SESIÓN VERMÚ A CARGO DE**

**GRUPO THE VOICE**

**DJ** NA RÚA PABLO IGLESIAS

**DJ** NA PRAZA ALEXANDRE BOVEDA

**ACTUACIÓN DE XUNTOS POLA MÚSICA**

**ORQUESTRA**  
**MARBELLA**

**TEREMOS**  
**PULPEIRA**  
**os 3 días**

organiza:



colabora:



## Festa da Troita

# Campionatos de pesca, gastronomía, música tradicional e verbena en Oroso

A vila de Sigüeiro acolle desde este venres ata o domingo a XXVIII Festa da Troita, cita de Interese Turístico de Galicia ● Agárdanse tres días de intensa actividade na hostalería, comercio, rúas, bares e prazas da localidade

Iago Rodríguez

Oroso está preparado para vivir unha das súas celebracións máis tradicionais. Desde hoxe ata o domingo a vila de Sigüeiro encherase de música, tradición, actividades infantís e, sobre todo, peixe para gozar da vixésima oitava edición da Festa da Troita. Catalogada como cita de Interese Turístico de Galicia, o seu significado vai ligado á identidade do municipio, como sinala a concelleira de Cultura, María Requejo: «Fala de Oroso, da nosa historia, dos nosos ríos, da nosa xente e da nosa maneira de celebrar».

O concelleiro de Deportes e Turismo, Carlos Fernández, destaca tamén a profunda dinamización que provoca na vila, chegando mesmo a atraer xente de fóra da comarca: «Durante estes días hai actividade na hostalería, no comercio, nas rúas, nos bares, nas prazas... É importante que quen veña, marche falando ben de nós». O edil suñía sobre a programación deste ano



Unha anterior exaltación do peixe na Festa da Troita de Oroso.

que habrá propostas para todos os públicos. «Temos cantos de taberna o venres, grandes orquestras como Olympus, Los Satélites e Marbella, Panorama City, DJs, charangas, sesión vermú, xogos tradicionais, feira de arte-

sáns, degustacións... É unha oferta pensada para que a xente poida vivir a festa de mañá, de tarde e de noite».

A edila de Cultura, pola súa parte, enxalza a tradición da cita de mesturar diferentes propostas de lecer: «Temos

música, asociacións culturais, a Banda de Música de Arzúa, o mural de Marcos Couso, o pregón do alumnado do IES de Oroso... Iso fai que a festa non sexa só verbena, senón tamén cultura, participación e identidade propia».

A Festa da Troita non se pode entender sen a pesca. «Ten unha importancia enorme. O campionato de adultos e o campionato infantil manteñen vivo ese vínculo coa troita e co río», declara Fernández, quen tamén salienta que «é moi bonito ver como participan distintas xeracións».

Outro aspecto crucial para explicar o crecemento da Festa da Troita é o labor das asociacións culturais. «Teñen un papel fundamental. Sen elas Oroso non sería o mesmo. Cando saen á rúa, actúan e animan o ambiente están lembrándonos que a cultura non é algo afastado», resalta Requejo. Nesta liña, a edila pon de manifesto o traballo conxunto da hostalería, colaboradores, técnicos voluntarios, persoal municipal e Protección Civil: «Hai moita xente traballando para que todo saia ben».

A gastronomía non faltará, con degustación de troitas na Alameda de Góis o sábado. «É un dos momentos máis agardados», afirman os edís. ■

CONCELLO DE OROSO

**MIR**  
**MUEBLES RIVERA**

HOGAR - COCINA - CARPINTERÍA

**MUEBLES Y CARPINTERÍA:**

Avda. Gabanxa, 49-51

**COCINA Y BAÑOS:**

Polveira, 5 bajo. Edif. Cristal

SEGÜEIRO - A Coruña

☎ **981 691 695**

comercial@mueblesrivera.es

www.mueblesrivera.es



F-15-000428  
E-15-001291

**TM**  
**OPTICA**  
Y CENTRO AUDITIVO

Rúa Camiño Real 13  
baixo - Sigüeiro

Tif. y WhatsApp:  
**981 694 666**

tmoptica@gmail.com

**Todo en gafas y audífonos**  
En Sigüeiro desde 1982

**JR** **Julio Rey**  
PROMOCIONES INMOBILIARIAS

40 años construyendo hogares

686 587 172 -981 524 430 | Calzada de Sar, Santiago  
De lunes a viernes de 9 a 19 h | www.juliorey.es

*Julio Rey os desea  
feliz fiesta de  
la Troita de Oroso*

**Nueva promoción  
de viviendas en  
A Muíña 2ª fase**